

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Estimada familia:

Tal e como estaba anunciada na programación e na reunión inicial, poñémonos de novo en contacto con vostedes coa ocasión do primeiro dos informes deste curso.

Como ben saben, é costume na nosa comunidade escolar ofrecer ás familias un informe sinxelo e detallado da evolución dos nosos alumnos a mediados de cada avaliación. Con isto pretendemos que entre todos (familia, claustro e alumno) poidamos tomar as medidas oportunas para acadar os mellores resultados de cara á nota final.

Dito informe consistía outros anos nunha simple nota numérica. Tras distintas aportacións, optamos por ofrecer unha información de cada materia dende catro ámbitos: actitude, traballo, contidos e medidas correctoras.

O informe vai tamén acompañado das principais incidencias que o claustro de profesores vai anotando cada semana e que, de ordinario, eran comunicadas a través da plataforma SGD.

Ben saben que dito programa deixou de prestar servizo e estámonos a mudar a unha nova plataforma (*Educamos*), coa que volver a facilitar a comunicación diaria entre o centro e as familias. Con este motivo, convidámolo vivamente a participar na reunión do vindeiro **venres 16 de novembro ás 16:00 h.**

Ao longo de dita reunión explicaremos detalladamente a forma de acceso á plataforma *Educamos*, o seu funcionamento e as súas posibilidades. Somos conscientes das súas moitas ocupacións, pero tamén da necesidade de aproveitar da forma máis axeitada todos os recursos dos que dispoñemos para, entre todos, obter os mellores resultados.

Confiando en vernos pronto, reciban un cordial saúdo.

Xefatura de estudos

